

Expediente: 891/2023

Título: Resolución de alcaldía de bases e convocatoria das axudas a través de incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Vilas Coidadoras.

DECRETO.-

Examinado expediente seguido para a aprobación dunha subvención para o fomento da contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Vilas Coidadoras.

Vistos informes que obran no expediente e singularmente o de reparos da Intervención municipal e do Servizo correspondente para resolución das discrepancias.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º.- Aprobar as bases e convocatoria das axudas a través de incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego de vilas coidadoras.

2º.- Remitir o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS a través do envío da información necesaria , contida no artigo 23 da LXS da Base de Datos Nacional de Subvencións.



BASES E CONVOCATORIA DAS AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VILAS COIDADORAS

Base 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. O Concello de Ribadeo e o Concello de Barreiros convoca a concesión subvencións en concorrencia non competitiva coa finalidade de incentivar á contratación por conta allea do alumando traballador do Obradoiro Dual de emprego “ Vilas coidadoras” e que ten por obxecto, incentivar á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordo co disposto no artigo 15 da Orde do 21 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Obradoiros Duais de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. O obxecto desta convocatoria é incentivar ás empresas que contraten por conta allea ás persoas desempregadas que participen como alumnado no Obradoiro dual de Emprego “Vilas coidadoras “ promovido polo Concello de Ribadeo e o Concello de Barreiros e que teñan finalizado como acto. A contratación deberá ser no perfil laboral no ámbito das materias impartidas no obradoiro de emprego.

4. Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.



Base 2. Importe e aplicación orzamentaria

A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 30.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria **433/470.00**.

En calquera caso , a concesión de subvención e o recoñecemento das contías quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Base 3. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Que contraten persoas traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicado no ámbito territorial de Galicia relacionados en ocupacións ou postos de traballo vencellados a:

- **Dinamización, Programación e Desenvolvemento de actuacións culturais (SSCB0110)**

- **Atención socioas sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)**

3. Para a contratación do alumando traballador de ambas as dúas especialidades as entidades beneficiarias estarán obrigadas a proporcionar á persoa traballadora un traballo efectivo relacionado co perfil profesional do título da formación do certificado



de profesionalidade, aínda que a súa actividade non estea directamente relacionada coa formación recibida.

Para especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes (coidadoras/es, xerocultoras/es, auxiliares de axuda ao domicilio ou similares, asistente á atención domiciliaria, coidador/a de persoas maiores discapacitadas convalecentes no domicilio ou similares), na categoría profesional correspondente.

Para a especialidade Dinamización, Programación e Desenvolvemento de actuacións culturais (técnica/o de servizos culturais, animador cultural, xestor cultural, programador cultural ou similares).

4. Para a contratación do alumnado/traballador da especialidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, as entidades beneficiarias deberán ser titulares, autorizadas, adxudicatarias da xestión ou similar, de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou no ámbito da discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente.

5. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

a. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incusa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas



xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente no cumprimento dos obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incusas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de licitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

b. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

c. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incusas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.



Base 4. Contía de incentivos e duración dos incentivos por conta alleas.

1. O número máximo de contratos a subvencionar é de 20 contratos. 10 contratos máximo para a especialidade de Dinamización, Programación e Desenvolvemento de actuacións culturais "(SSCB0110) e 10 máximo Atención socioas sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais "(SSCS0208) e sempre do límite das traballadoras-alumnas que teñan como apto o certificado e especialidade para a cal se formaron.
2. Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a.
3. A contratación que se beneficie desta convocatoria terá que cumprir cunha duración mínima de alta en Seguridade Social de 3 meses, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse con carácter xeral entre os 15 días seguintes á finalización do devandito Obradoiro de Emprego o cal se espera o 18 de setembro 2023 agás que por causas de forza maior á finalización do obradoiro dual de emprego teña que retrasarse ou que por outros feitos motivados se necesite ampliar o prazo. Nese caso os contratos formalizaranse nos quince días seguintes a partir da nova data de finalización do obradoiro dual de emprego.
4. A xornada da contratación será a tempo completo.
5. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.
6. As entidades beneficiarias seleccionarán ao alumnado traballador entre o as persoas alumnas do obradoiro que obteñan APTO no certificado competente. A selección farase criterio da orde de entrada das súas solicitudes no rexistro xeral do Concello de Ribadeo.
7. A relación do alumnado traballador será remitido ás entidades beneficiarias e solicitantes previo informe de valoración individualizado asinado pola coordinadora do Obradoiro Dual de Emprego "Vilas Coidadoras". A entidade beneficiaria é a encargada do proceso de selección.



Base 5. Exclusiones.

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro .

Base 6. Prazos e solicitudes

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ribadeo na forma que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común da Administracións



Públicas, desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e **ata o 30 de agosto de 2023.**

2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada.

3. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada , ou por quen ostente a súa representación, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a. Modelo normalizado” Solicitud “ que figura como anexo I a esta convocatoria.

b. Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).

c. Copia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente.

d. Certificado de epígrafes I.A.E.

e. Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo do anexo II :

- Declaración responsable de non estar incuso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003 , do 17 de xuño , de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Real Decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda
- Autorización ao Concello de Ribadeo á obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia (non caso de non conceder esta autorización , deberán aportar certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria)

f. Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución , para a mesma finalidade das distintas administracións publicas competentes ou outros



entes público, ou , no seu caso , unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do anexo III.

g. Modelo de conta bancaria, segundo o modelo do anexo IV, ou certificado de conta bancaria.

h. Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT.

h. Declaración do persoal do todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presenta convocatoria.

A Administración poderá solicitar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

4. Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá á persoa interesada para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fíxese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015 , de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base 7. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria terán a consideración de subvención en concorrencia non competitiva ata o esgotamento do crédito orzamentario. Non sendo necesario a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión de axuda realizárase pola comprobación da concorrencia nas entidades , empresas dos requisitos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. O órgano responsable da concesión ou denegación será o Alcalde do Concello de Ribadeo, instruídas polo área de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

3. A concesión ou denegación efectuarase por resolución motivada da Alcaldía.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución será dun mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude , de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de Subvencións de Galicia.

5. Publicada a resolución, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.



6. Unha vez publicadas e notificadas as concesión, se lles trasladará por parte do concello ás persoas beneficiarias un listado coa alumnado apto susceptible de ser contratado. Serán as persoas beneficiarias as responsables de facer a selección.

7. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra ele cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na lei 29/1998 , de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse , con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa lei 39/2015 , de 10 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 8. Xustificación e pagamento

1. Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 1 mes dende o remate da contratación subvencionada por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:

- a. Xustificación, declaración de cumprimento das bases da convocatoria e solicitude de pagamento . Anexo V.
- b. Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo modelo anexo III.
- c. Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención comunicado ao Servizo Público de Emprego.
- d. Certificación de epígrafes de IAE



e. Informe de vida laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación ou documentación equivalente.

f. Xustificante de pago das nóminas.

g. Recibo líquido de cotizacións e xustificante de pago .

h. Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

3. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedinte poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

4. Logo da resolución de concesión, o Alcalde ou órgano competente designado, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda. O abono levárase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da entidade ou empresa sinalada.

Base 9. Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades ás que se conceda a subvención estarán obrigadas a:

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de Emprego: **Dinamización, Programación e Desenvolvemento de actuacións culturais (SSCB0110)** ou **Atención socioas sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)**.

2. Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período de duración comprometido na solicitude a xornada completa. (3 meses mínimo).



3. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade ao remate do período exixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Ribadeo no prazo de sete días naturais desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

i. Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente. A nova persoa contratada deberá ter participado no proxecto de Obradoiro de Empleo Vilas Coidadoras.

ii. De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello de Ribadeo esta nova acreditando:

- a) O contrato de traballo da persoa contratada e comunicación na correspondente Oficina de Empleo do Servizo Público de Empleo e declaración responsable da causa da extinción contractual.
- b) Baixa da persoa contratada inicialmente.
- c) Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- d) Contrato de traballo da nova persoa traballadora

4. No caso de que non proceda á cobertura da vacante do xeito sinalado, aplicaranse as seguintes regras:

Se o cese se produce antes que transcorra o período mínimo de tres meses: a entidade beneficiaria perderá o dereito a percibir a axuda. No obstante para o caso de que o Concello de Ribadeo non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, o importe a percibir de subvención será proporcional ao tempo efectivo da contratación.

5. Comunicar ao órgano concédente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.



6. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma , con anterioridade e se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Como consecuencia da contratación pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas, ou por remate do contrato.
9. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.
10. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Base 10. Incompatibilidades e concorrancia

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego . Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrancia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Base 11 . Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Base 12 . Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concédente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Base 13. Protección de datos

Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada da autorización ao Concello de Ribadeo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida.

De acordo co disposto na Lei 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola entidade local



coa finalidade de poder atender a solicitude. Ditos datos serán tratados confidencialmente e so poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei.

Base 14. Seguimento e control.

As persoas beneficiarias e para os efectos das actuacións de control as obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección del Concello de Ribadeo, que comportará a realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda, así como para la avaliación deste programa. Ademais facilitarán á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 15. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento ao disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento , os datos a axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Como documento anexos a esta resolución incorpóranse os anexo I (solicitude) , anexo II, anexo III, anexo IV , anexo V (xustificación e solicitude de pagamento).

En Ribadeo, á data da sinatura dixital

O Alcalde

Daniel Vega Pérez

O Secretario

José Antonio Carro Asorey



**SOLICITUDE (ANEXO I)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RIBADEO, PREPARA O TEU CAMIÑO**

ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social				C.I.F.	
Apelidos e nome				D.N.I./N.I.E	
Dirección					
C.P.		Localidade		Provincia	
Teléfono		Correo electrónico			
Actividade principal (descrición)				CNAE	
Outras actividades				CNAEs	

☐ Empresa individual	☐ Sociedade civil / comunidade de bens	☐ Outras sociedades (S.L., S.A.)	☐ Cooperativa / sociedade laboral
☐ Asociación	☐ Fundación	☐ Outras	

DATOS DO / DA REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
-----------------	--	--------------	--

CORREO ELÉCTRÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Correo electrónico habilitado a efectos de notificacións	
--	--

DATOS DO CENTRO NO QUE SE REALIZARÁ A/AS CONTRATACIÓN/S

Dirección do centro 1					
C.P.		Localidade		Provincia	
Teléfono		Correo electrónico			
Dirección do centro 2					
C.P.		Localidade		Provincia	
Teléfono		Correo electrónico			

DATOS DAS CONTRATACIÓNS A REALIZAR

Nº de contratacións temporais que se compromete a realizar	1	☐	2	☐	3	☐	4	☐
DURACIÓN (Nº DE MESES)	_____ meses		_____ meses		_____ meses		_____ meses	

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos ao compromiso de contratación temporal a realizar e duración das contratacións.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

☐	Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade
☐	Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación
☐	Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, en caso de persoas xurídicas e de entidades sen ánimo de lucro
☐	Declaración responsable e autorizacións (anexo II)
☐	Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT e, no seu caso, documentación que acredite que as actividades da entidade están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro dual de emprego Ribadeo, prepara o teu camiño.
☐	Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (anexo III)
☐	Declaración do persoal do todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presenta convocatoria.
☐	Designación de conta bancaria (anexo IV) ou certificado de conta bancaria

Sr alcalde do Concello de Ribadeo

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta do alumnado traballador do Obradoiro dual de emprego "Ribadeo, prepara o teu camiño" do Concello de Ribadeo, **solicita** a concesión da/s axuda/s para a contratación, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Ribadeo, ____ de ____ de 2023

(Firma electrónica)



ANEXO I bis

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

O Concello de Ribadeo, en cumprimento do deber de informar establecido na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais (en adiante LOPDGDD) en concordancia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (en adiante RGPD) e demais normativa concordante sobre a materia, infórmalle:

- ✓ Que os datos que vostede aporta nos formularios presentados ao Concello de Ribadeo para a xestión das subvencións a través de incentivos á contratación temporal por conta allea dos alumnos/as traballadores/as do Obradoiro Dual de Emprego “Ribadeo, prepara o teu camino” serán utilizados exclusivamente para as xestións precisas para a tramitación de ditas subvencións.
- ✓ Para poder proporcionarlle dito servizo é imprescindible o traslado dos seus datos persoais á Xunta de Galicia ou a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigacións legais de información, de acordo coa normativa vixente.
- ✓ Os datos serán almacenados durante o tempo preciso para poder cumprir coas obrigas legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

É responsable dos datos o Concello de Ribadeo, con dirección en Praza de España, 1, 27700 Ribadeo, e teléfono 982 128 650; correo electrónico: alcaldia@ribadeo.org

- ✓ O interesado terá dereito a acceder aos seus datos persoais así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión cando os datos xa non sexan precisos en relación coa finalidade para os que foron recollidos. Poderá, así mesmo, retirar o seu consentimento, sen prexuízo de que esta administración poida negarse a suprimir os datos, entre outros motivos, por finalidade de arquivo e interese público.
- ✓ Así mesmo, os interesados teñen dereito, en determinadas circunstancias, a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos; nese caso, os datos só poderán ser obxecto de tratamento, con excepción da súa conservación, co consentimento do interesado ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou con vistas á protección dos dereitos doutra persoa física ou xurídica ou por razóns de interese público. (Pode solicitar a limitación do tratamento dos datos nas circunstancias indicadas no artigo 18 do RGPD)
- ✓ Pode exercitar os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este Concello, presentado necesariamente por vía electrónica no Rexistro Municipal.
- ✓ Podrá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou accedendo á súa sede electrónica: <https://sede.agpd.gob.es/sede-electronica-web/>

Ao firmar este documento confirma a toma de coñecemento e a aceptación das condicións sinaladas.

Ribadeo, ____ de ____ de 2023

(Firma electrónica)



DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RIBADEO, PREPARA O TEU CAMIÑO

Don / Dona con D.N./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- ☐ Que non está incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria.
- ☐ Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ☐ Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ☐ Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.
- ☐ Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa precisa para cumprir as condicións da axuda.
- ☐ Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base terceira da convocatoria.
- ☐ Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se adxuntan son certos.
- ☐ Que se autoriza ao Concello de Ribadeo para a obtención das certificacións de estar ao corrente coas obrigacións establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Ribadeo, ____ de ____ de 2023	ADVIRTESELE DE QUE conforme co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsedade ou omisión de carácter esencial, de calquer dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito de actividade afectada dende o momento no que se teña constancia de ditos feitos, sin prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbera lugar. Así mesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaçión do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como á imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, conforme aos termos establecidos nas normas sectoriales de aplicación."
(Firma electrónica)	



DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRENSIVA DE OUTRAS AXUDAS (ANEXO III)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RIBADEO, PREPARA O TEU CAMIÑO

Don / Dona con D.N.I./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					

Ou, alternativamente

- ☐ Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade das subvencións desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Que esta entidade téñ concedidas en réxime de minimis (Reglamento CE nº 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora

Ou, alternativamente

- ☐ Que non téñ concedidas en réxime de mínimis axudas neste ano nin nos dous anteriores.



Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Ribadeo, ____ de _____ de 2023 (Firma electrónica)	ADVIRTESELLE DE QUE conforme co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, de calquer dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento no que se teña constancia de ditos feitos, sin prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbera lugar. Así mesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondiente, así como á imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, conforme aos termos establecidos nas normas sectoriales de aplicación."
--	--





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Dirección Xeral de Formación e Colocación



OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



RIBADEO

MODELO DE DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA (ANEXO IV)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RIBADEO, PREPARA O TEU CAMIÑO

TITULAR DE LA CUENTA					
Razón social				C.I.F.	
C.P.					
Teléfono		Localidade		Provincia	

IBAN DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

Código de país	Código de control	Código do banco	Código da sucursal	Díxito de control	Número de conta

Ribadeo, ____ de ____ de 2023	ADVIRTESELLE DE QUE conforme co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsedade ou omisión de carácter esencial, de calquer dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento no que se teña constancia de ditos feitos, sin prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbera lugar. Así mesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao cese da actividade correspondiente, así como á imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, conforme aos termos establecidos nas normas sectoriales de aplicación."
(Firma electrónica)	



XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGO (ANEXO V)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RIBADEO, PREPARA O TEU CAMIÑO

ENTIDADE SOLICITANTE					
Razón social			C.I.F.		
Apelidos e nome			D.N.I./N.I.E		
Dirección					
C.P.		Localidade		Provincia	
Teléfono		Correo electrónico			

DATOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL				
Apelidos e nome			D.N.I./N.I.E	

DECLARA

Que para a súa xustificación e previo ao pago da subvención acredita o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención coa presentación dos seguintes documentos:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA	
☐	Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo III.
☐	Informe de vida laboral do código conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación comprensiva do período de duración da contratación.
☐	Xustificante de pago das nóminas.
☐	Recibo liquidado de cotizacións e xustificante de pago .

Sr alcalde do Concello de Ribadeo

Quen subscribe, **aporta a documentación requirida** acreditativa do cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión e **solicita o pago das axudas** correspondentes á contratación das persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Ribadeo prepara o teu camiño", de acordo co especificado nas bases da Convocatoria, declarando ser certos todos os datos do presente documento.

Ribadeo, ____ de ____ de 2023

(Firma electrónica)

